ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013771	Fontecarmoa	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0214	Apoio á comunicación	2024/2025	4	87	87

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARGARITA CONDE VALLADARES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As persoas que obteñan este título exercerán a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

As ocupacións e os postos de traballo salientados, son os seguintes:

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/a.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsábel de pranta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/a familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/a de teleasistencia.

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e a diminución de coidadoras informais, xunto co avance imparable na aplicación efectiva de dereitos das persoas con diversidade funcional, faría previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable na empregabilidade das técnicas, se ben o actual escenario socioeconómico pode frear a demanda de persoas altamente cualificadas para tarefas de atención.

Mais, por outra banda, a progresiva implantación de novas tecnoloxías da comunicación e a xeneralización e actualización constante do uso de produtos de apoio á comunicación, que se aprecia nos últimos tempos, fai necesario profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades de apoio comunicativo. É esto será tan importante no contexto de intervención domiciliaria como no institucional. Fai necesario profesionais con capacidade de formación continua e reciclaxe permanente na área da comunicación, que regulen as súas aprendizaxes para adaptarse ás demandas da sociedade, ás unidades de convivencia e ás persoas atendidas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O apoio a persoas con dificultades de comunicación	Relacionaremos os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coas dificultades comunicativas, valorando situacións específicas	17	20
2	Os sistemas de comunicación con axuda	Deseñaremos actividades de apoio á comunicación mediante o uso dos sistemas SPC, BLISS e outros	30	34

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
3	Os sistemas de comunicación sen axuda	Deseñaremos actividades de apoio á comunicación mediante o uso da LS e outros sistemas de comunicación sen axuda	30	34
4	O seguimento das actuacións de apoio á comunicación.	Formalizaremos os protocolos de rexistro relacionados co seguimento das actividades de apoio á comunicación.	10	12

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O apoio a persoas con dificultades de comunicación	17

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Argumentouse a influencia da comunicación no desenvolvemento diario das persoas.
CA1.2 Definíronse os conceptos de comunicación alternativa e aumentativa.
CA1.3 Describíronse as características dos principais sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.
CA1.4 Identificáronse os principais factores que dificultan ou favorecen a comunicación coa persoa en situación de dependencia.
CA1.5 Interpretáronse as informacións sobre o apoio á comunicación recibidas no plan ou no proxecto de atención individualizado.
CA1.6 Seleccionáronse técnicas para favorecer a implicación familiar e do ámbito social na comunicación coa persoa usuaria.
CA1.7 Xustificouse a necesidade de adoptar medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Proceso comunicativo e os seus elementos.
0O persoal técnico como modelo de comunicación.
Importancia da comunicación no desenvolvemento das persoas.
Comunicación alternativa e aumentativa: consideracións xerais sobre os sistemas de comunicación alternativa e aumentativa.
Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación: sistemas de comunicación con axuda e sen axuda.
Estratexias no uso de sistemas de comunicación alternativa: adecuación das condicións ambientais.
Factores favorecedores e inhibidores da comunicación: accesibilidade. Interacción entre persoas usuarias mediante distintos sistemas comunicativos.
Interpretación do plan ou do proxecto de apoio á comunicación.
Valoración da importancia da comunicación e da interacción comunicativa en diversos contextos. Selección de técnicas para favorecer a implicación familiar e do contorno social na comunicación coa persoa usuaria
Medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Os sistemas de comunicación con axuda	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación con axuda.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Describíronse as características e os usos básicos dos principais sistemas alternativos de comunicación con axuda.

Criterios de avaliación
CA2.2 Creáronse mensaxes sinxelas cos diferentes sistemas de comunicación con axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa usuaria.
CA2.3 Describíronse outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación con axuda.
CA2.4 Comprendéronse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación con axuda.
CA2.5 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas usuarias.
CA2.6 Utilizáronse as axudas técnicas necesarias para o apoio á comunicación.
CA2.7 Xustificouse a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas actividades de apoio á comunicación.

4.2.e) Contidos

Contidos
Sistemas de comunicación con axuda: sistemas Bliss, SPC, etc. Criterios de aplicación Axudas de alta e baixa tecnoloxía. Elaboración de taboleiros de comunicación. Tipos de símbolos: pictográficos, arbitrarios, ideográficos, etc. Códigos de acceso: cores, Utilización dos sistemas Bliss e SPC. Identificación das características comunicativas da persoa usuaria e axuste dos sistemas en función destas. Identificación doutros sistemas non estandarizados de comunicación con axuda. Uso de axudas tecnolóxicas. Valoración dos sistemas de comunicación con axuda.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Os sistemas de comunicación sen axuda	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación sen axuda.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Describíronse estruturas básicas dos sistemas alternativos sen axuda.
CA3.2 Describíronse os principais signos utilizados en situacións habituais de atención a persoas en situación de dependencia.
CA3.3 Creáronse mensaxes sinxelas cos diversos sistemas de comunicación sen axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa en situación de dependencia.
CA3.4 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas en situación de dependencia.
CA3.5 Describíronse outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación sen axuda.
CA3.6 Comprendéronse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación sen axuda.

4.3.e) Contidos

Contidos
Principais sistemas de comunicación sen axuda: LSE e bimodal. Elementos que rexen os sistemas de comunicación sen axuda.
Principais características da lingua de signos. Parámetros na formación dos signos
Vocabulario básico da lingua de signos. Vocabulario temático: a casa, a residencia, a comida, a saúde e outros signos de interese.
Principais características do sistema bimodal: vocabulario básico.
Identificación das características comunicativas da persoa usuaria e axuste dos sistemas en función destas.
Uso doutros sistemas non xeneralizados de comunicación sen axuda. Descrición doutros sistemas de comunicación sen axuda non xeneralizados: mímica, acenos naturais, dactilolóxico, movementos oculares, escritura en palma, etc.
Valoración dos sistemas de comunicación sen axuda.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O seguimento das actuacións de apoio á comunicación.	10

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza o seguimento das actuacións de apoio á comunicación formalizando os protocolos de rexistro establecidos.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Formalizáronse protocolos de rexistro como medio de avaliación da competencia comunicativa da persoa usuaria.
CA4.2 Argumentouse a importancia de lle transmitir ao equipo interdisciplinar a información rexistrada.
CA4.3 Establecéronse criterios para verificar o grao de cumprimento das instrucións de apoio á comunicación no ámbito familiar.
CA4.4 Comprobouse o uso correcto dos elementos que compoñen o sistema de comunicación elixido.
CA4.5 Identificáronse protocolos de transmisión ao equipo sobre a adecuación do sistema de comunicación elixido.
CA4.6 Identificáronse criterios e indicadores para detectar cambios nas necesidades de comunicación.
CA4.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

4.4.e) Contidos

Contidos
Indicadores significativos nos rexistros de competencias comunicativas: número de signos expresados, número de signos comprendidos, velocidade de expresión e recepción en dactilolóxico, e tamaño da fonte en sistemas baseados na lectoescritura. Formalización de instrumentos de rexistro de competencias comunicativas. Identificación dos criterios que determinan o axuste ou cambio do sistema de comunicación.Deterioración nas funcións mentais, agravamento en patoloxías sensoriais e dificultades na xeneralización de competencias comunicativas. Identificación dos criterios para verificar a implicación familiar e do ámbito social. Transmisión ao equipo interdisciplinar da información recollida. Xustificación da necesidade de valorar a eficacia dos sistemas de comunicación.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Son mínimos esixibles os criterios de avaliación reflexados ó longo da programación e nas correspondentes unidades didácticas. Por tanto, para aprobar as diferentes Unidades Didácticas e obter unha avaliación positiva, deberán superarse todos os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles.

CUALIFICACIÓN DAS UNIDADES DIDÁCTICAS

Cada Unidade Didáctica (UD) avalíase de xeito independente. Para superar a UD deben superarse todas as probas de avaliación, cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10. Non se fará media con algunha das partes suspensa, en todo caso a nota máxima será un 4.
A nota da UD será o resultado da media ponderada das diferentes probas desenvoltas en función do seu peso na mesma.
Todo criterio de avaliación , terá asociado unha porcentaxe da cualificación final da Unidade, que aparecerá reflexada no mesmo documento. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación: probas escritas, listas de cotexo, táboas de observación, entre outros.
Realizarase unha única proba escrita ao remate do trimestre, na data establecida. As ausencias inxustificadas e así determinadas pola profesora conlevan unha puntuación correspondente á catalogación de "non presentada/o".
Soamente serán avaliados os traballos e tarefas entregados en prazo e forma.
Nos traballos grupais o alumnado obterá unha cualificación individualizada no caso de presentarse incidencias en aspectos tales como: asistencia ás sesións de traballo grupal, implicación no traballo, seguimento do asesoramento da profesora no seu deseño ou defensa e exposición.
No caso de non superar unha UD realizaranse as correspondentes actividades de recuperación.

CUALIFICACIÓNS TRIMESTRAIS

Para a superación da avaliación parcial deberán estar superadas todas as UD avaliadas ata o momento.
A nota de cada trimestre virá determinada pola media entre as notas das UD avaliadas totalmente.
No caso de que nalgunha das unidades non se obteña a nota mínima requerida, a cualificación trimestral non será maior de 4, posto que non están superados todos os CA establecidos como mínimos nesta programación.
No caso de aprobar todas as unidades didácticas, a nota da última avaliación será a obtida despois da aplicación da ponderación asignada a cada unidade didáctica e recollida na programación. Unha vez calculada esta nota, aplicarase o mencionado redondeo.

CUALIFICACIÓN DO MÓDULO

Para a superación do módulo deberán estar aprobadas todas as UD, obtendo en cada UD unha nota igual ou superior a 5 puntos sobre un máximo de 10.
A nota final será o resultado da media ponderada de todas as UD en función do peso de cada unha delas dentro do módulo. No caso de non acadar a nota de 5 nunha UD, a nota de módulo será como máximo de 4.

REDONDEO

A cualificación será numérica sen decimais, entre 1 e 10, aplicando a seguinte regra de redondeo: se o primeiro decimal é igual ou superior a 7, redondease á alza. Para aquel alumnado cunha nota que non chega a 5 puntos, se existe fracción decimal, en ningún caso se redondeará á alza.
Este redondeo non será tido en conta para o cálculo das cualificacións ponderadas, senón unicamente na cualificación final do módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Antes da 2ª avaliación, previa á FCT, o alumnado que teña sen superar algunha parte do módulo , terá a oportunidade de recuperala, en cuxo caso superará o módulo, sempre que non perdera o dereito á avaliación continua.
No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá a profesora de forma individualizada atendendo aos CA non superados. Estas actividades poderán consistir na elaboración de traballos semellantes aos propostos durante as avaliacións parciais e/ou a realización dunha proba escrita.
O período de realización das actividades de recuperación comezará unha vez rematado o segundo trimestre e durante o trimestre inmediatamente seguinte, e finalizará no prazo que estableza a profesora.
Toda esta información será recollida no informe de avaliación individualizado.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas non poderá ser superior ao 10% da duración de cada módulo, salvo causa xustificada e recollida como tal no regulamento de réxime interno do centro. Como este módulo conta con 87 horas, con 9 faltas non xustificadas perderíase o dereito a avaliación continua.
O Centro deberalle comunicar formalmente ao alumnado a perda do dereito de avaliación continua.
A/O alumna/o que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado no periodo inmediatamente anterior á realización da segunda avaliación

parcial de módulos de 2º.

Esta proba final de carácter teórico-práctico abarcará os contidos impartidos no módulo ó longo do curso. Será realizada en dúas sesións se así o considera oportuno a docente. Para aprobar este exame é requisito imprescindible aprobar a parte correspondente a cada avaliación, cunha nota mínima de 5 así como no apartado teórico e práctico. En caso contrario non se realizará media entre ambas.

Dada a importancia que conleva a realización e superación destas probas teóricas e prácticas, a docente do módulo poderá efectuar complementariamente unha proba de carácter oral para verificar si a alumna ou alumno acadou as capacidades terminais elementais de cada módulo.

Se o alumnado non acude a esta proba terá un 1 na avaliación final do módulo. Se non supera en marzo esta proba, non terá convocatoria de xuño, tal e como se establece na realización da proba de PD.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación realizarase mensualmente en cada unha das reunións de departamento, a través do caderno da profesora e no aplicativvo específico. Deste xeito, revisarase tamén a práctica docente co obxectivo de realizar cambios ou modificacións para un mellor desenvolvemento do módulo ó longo do curso.

Recollerase información sobre diferentes aspectos: grao de asimilación dos contidos, adecuación da distribución das UD, desenvolvemento das actividades e tarefas, procedementos e instrumentos de avaliación, material e recursos empregados, etc.

A final de curso realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán tódalas incidencias acaecidas ó longo do curso e teranse en conta tamén como propostas de mellora.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.

b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.

c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado con diversidade funcional ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
e) Da experiencia profesional previa.
f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de formación, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 da orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.
Como profesora do módulo de Apoio á comunicación, dedicarei os primeiros días de aulas á observación e rexistro das circunstancias que poidan resultar importantes, co obxecto de poder detectar calquera dificultade que poida ter o alumnado e que sexa susceptible de ser abordada na sesión de avaliación inicial co resto do equipo docente.
Ó inicio de cada UD empregaranse diferentes estratexias e técnicas para obter datos sobre os coñecementos previos, permitindo realizar os cambios e adaptacións necesarias para dar resposta ás necesidades do alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Entendemos como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas pola profesora e dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias, tratándose sobre todo de medidas que requiren flexibilidade metodolóxica.
Entre as medidas que desde un principio se establecen nesta programación destacamos:
- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir.
- Estar abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se poñen en xogo.
- Favorecer a colocación do alumnado no lugar máis adecuado ás súa características.
- Flexibilizar a colocación do mobiliario en caso de que poida ser de axuda.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos de alumnas/os que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Propoñer actividades de traballos colaborativos en pequenos grupos ou en parella.
- Desenvolver unha metodoloxía individualizada
- Ofrecer a posibilidade de probas escritas en castelán
- Aumentar a duración das probas escritas
En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada alumna ou alumno, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo docente e do departamento de información e orientación por se fora

necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Tendo en conta a familia profesional na que se encadran estes estudos, desde o módulo de Apoio á comunicación, non se fará unha programación específica da educación en valores por considerala unha parte esencial da formación das futuras técnicas e técnicos, de xeito que se tratará dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsábeis ante os dereitos e obrigas cidadáns.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias á formación e extraescolares, tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Actividades de formación específica a cargo de profesionais que coñezan ou empreguen SAACs.
- Visitas a entidades relacionadas coa facilitación da comunicación de persoas usuarias de SAACs.
- Outras que poidan ir xurdindo ó longo do curso e permitan abordar os contidos do módulo

10.Outros apartados

10.1) Propostas de mellora

Tras a revisión da memoria do módulo de Apoio á comunicación do curso académico 23/24, téñense en conta as seguintes propostas de mellora:

- Mellora do espazo da aula: gardando o coidado na decoración e uso do espazo
- Adquisición de material: comunicadores e ordenadores con instalación de programas coma o Boardmaker para coñecer os símbolos SPC.

10.2) Presentación da programación

A presentación da programación farase de maneira oral, na aula, con apoio de presentación en power point onde se recollan os aspectos máis relevantes da mesma.

A programación estará dispoñible para o alumnado na aula virtual do módulo

10.3) Lingua vehicular

A lingua vehicular do módulo de apoio á comunicación será o galego

10.4) Outros aspectos

A docente poderá complementar a realización de calquera proba coa súa defensa de xeito oral no caso de sospeita do uso de medios fraudulentos.